

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO

Sendo as 13:40 horas do día 9 de setembro de 2015, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla, 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo xefe do servizo de contratación, don Xosé Manuel Cao Rei e actuando como vocais dona Isabel Varela López, xefa da sección de transportes, dona María García Ferro, vicesecretaria do Concello, don Pablo López Paz, titular da asesoría xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Igualmente, asisten ao acto público dona Carmen Carballedo Fernández, don Julio Castro Osorio e don José Vidal Penelas en representación de AUTOBUSES URBANOS DE LUGO S.A e don Alberto Egido en representación de SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte do secretario da mesa a dar lectura ao informe emitido pola Xunta Consultiva de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia que fora solicitado pola mesa de contratación na sesión do día 6 de maio de 2015 e que establece como conclusión que *"esta Xunta Consultiva de Contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia entende que non é posible aceptar unha proposición condicionada que non respecta o contido mínimo establecido nos pregos xa que pode alterar a situación de igualdade dos licitadores"*.

Á vista do contido do informe citado, e tendo en conta igualmente o contido das proposicións presentadas así como das aclaracións efectuadas a solicitude da mesa de contratación polas empresas licitadoras, os integrantes da mesa acordan por unanimidade propoñer a exclusión do procedemento da empresa SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A, por entender que a súa oferta, tal e como se indica no seu escrito de aclaracións, está vinculada á concesión inicial da prórroga de cinco anos pola Administración concedente do concurso, o cal non é admisible posto que suporía conceder unha prórroga dun contrato que todavía non está perfeccionado e modificaría as condicións establecidas nos pregos reguladores (duración de dez anos), alterando a situación de igualdade dos licitadores.

Don Alberto Egido, en representación de SALAMANCA DE TRANSPORTES, solicita tomar a palabra para realizar unha serie de precisións e manifesta que a oferta realizada pola súa empresa efectivamente solicita de inicio a concesión da prórroga do contrato, xustificada pola realización dunha serie de inversións

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mla

Refª: Acta lectura informe XCCA e exclusión SALAMANCA

Asunto:

excepcionais e vinculando en todo caso a concesión da prórroga ao cumprimento riguroso de todo o esixido no prego de condicións e o ofertado na súa proposición. De igual xeito, indica que si ben o prego de cláusulas administrativas establece a necesidade de solicitar a prórroga cunha antelación mínima de seis meses, nada establece e polo tanto nada obsta a que se solicite ésta dende o inicio do contrato. Manifesta igualmente que estudarán e reservaranse o dereito a presentar alegacións ou recursos á decisión da mesa de contratación.

A continuación solicita a palabra dona Carmen Carballedo Fernández, en representación da empresa AUTOBUSES URBANOS DE LUGO para manifestar que, na súa opinión, o momento de realizar a selección da mellor oferta en ningún caso pode ser o momento de valorar o correcto cumprimento do contrato e que, neste senso, fai súa a opinión da Xunta Consultiva de Contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia e entende que a oferta de SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A non se axusta ao establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

Conclúe a sesión o Sr. Presidente da mesa, manifestando que o acordo da mesa será notificado aos interesados así como ao grupo técnico encargada da valoración dos criterios non avaliados automaticamente aos efectos oportunos.

Sen mais que manifestar, conclúese a sesión ás 14:15 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE



Asdo: Xosé Manuel Cao Rei



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz